

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**13644** *Corrección de erros da Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.*

Advertidos erros na Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 305, do 21 de decembro de 2013, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 14, no sumario da disposición adicional cuarta, onde di: «Disposición adicional cuarta», debe dicir: «Disposición adicional cuarta. *Modificación da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público*».

Na páxina 20, disposición derradeira quinta, onde di:

«A disposición adicional terceira (control de entidades de administracións públicas non suxeitas a auditoría); a disposición adicional segunda (medidas de apoio ao acontecemento de excepcional interese público Campionato do Mundo de Vela Olímpica Santander 2014); a disposición adicional cuarta; a disposición derradeira terceira (modificación da Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno); a disposición derradeira cuarta (importacións de produtos de avituallamento nas illas Canarias que se destinen ao fornecemento de determinados buques e aeronaves); a disposición derradeira segunda (modificación do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante) e a disposición transitoria sobre aplicación da modificación do citado texto refundido ás concesións e autorizacións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desa modificación teñen carácter de lei ordinaria.»

Debe dicir:

«A disposición adicional segunda (medidas de apoio ao acontecemento de excepcional interese público Campionato do Mundo de Vela Olímpica Santander 2014); a disposición adicional terceira (control de entidades de administracións públicas non suxeitas a auditoría); a disposición adicional cuarta (modificación da Lei do Estatuto básico do empregado público); a disposición derradeira segunda (modificación do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante); a disposición derradeira terceira (modificación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno); a disposición derradeira cuarta (importacións de produtos de avituallamento nas illas Canarias que se destinen ao fornecemento de determinados buques e aeronaves) e a disposición transitoria sobre aplicación da modificación do citado texto refundido ás concesións e autorizacións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desa modificación teñen carácter de lei ordinaria.»